

**Comunicado nº 096/20  
3 de Xullo de 2020**

**RESPONSABILIDADE CIVIL DAS PROBAS:**

As condicións de Coberturas e Capitais asegurados exactamente idénticos aos actuais, mantendo as primas actuais, e as primas de aseguramento de cobertura do seguro obrigatorio de responsabilidade civil das probas a celebrar en Galicia, consistente nun acordo a dous anos; polo que nos plantexen para o segundo ano:

- Sinistralidade inferior ao 60% sobre primas netas, redución do 10% das primas para 2021.
- Sinistralidade do 61 ao 65% sobre primas netas, redución do 5% das primas para 2021.
- Sinistralidade do 66% ao 70% sobre primas netas, mantemento das condicións de 2020.
- Sinistralidade do 71% ao 80% sobre primas netas, incremento de primas do 10% para 2021.
- Sinistralidade superior ao 81% sobre primas netas, a negociar condicións de renovación para 2021.

**ACCIDENTES DOS AFILIADOS:**

As condicións de Coberturas, Capitais e primas exactamente iguais ás actuais, é dicir, mantemento das condicións que se teñen actualmente; tamén nos propoñen unha formulación consistente nun acordo de dous anos:

- Sinistralidade inferior ao 60% sobre primas netas, redución do 10% das primas para 2021.
- Sinistralidade do 61 ao 65% sobre primas netas, redución do 5% das primas para 2021.
- Sinistralidade do 66% ao 70% sobre primas netas, mantemento das condicións de 2020.
- Sinistralidade do 71% ao 80% sobre primas netas, incremento de primas do 10% para 2021.
- Sinistralidade superior ao 81% sobre primas netas, a negociar condicións de renovación para 2021.

En verdade cremos interesante istas condicións e por elo asinaremos a súa contratación, máis tendo en conta as previsións de futuro en seguros deste tipo, tanto en Responsabilidade Civil como en Accidentes que apuntan a un elevado incremento das primas, co cal estaríamos protexidos polo menos dous anos e iso daríanos unha grande estabilidade.

**A modo de resumo adxuntamos aspectos a valorar moi positivamente de ALLIANZ ESPAÑA:**

- ✓ Asegurador de **solvencia contrastada**, con ampla implantación Nacional, e posición de **liderazgo en todos os ramos aseguradores, e especialmente no sector de Federacións Deportivas**.
- ✓ Conta con plataforma de **asistencia e coordinación de urxencias especializada** (HNA\* – xestor de sinistros deportivos e de accidentes de tráfico mais especializado do sector asegurador, de máxima solvencia e garantía).
- ✓ **Flexibilidade** á hora de estruturar o protocolo de actuación en caso de sinistros.
- ✓ Amplo cadro médico concertado a nivel Nacional
- ✓ Rating do Grupo Allianz: **AA++**
- ✓ Negocio Federacións 2018:
  - Primas: 14 Millóns de Euros
  - Nº de Pólizas: 230. **É a Compañía que máis Federacións xestiona en España.**
  - Sinistros: 23.200 en 2018
- ✓ Desde AON tramitan conxuntamente con Allianz máis de 3.000 sinistros de RC con **avogados en plantilla de AON**, defendendo os intereses individuais da Federación Galega de Automobilismo, dos seus organizadores, dos seus afiliados, e deportistas.